

## **BASES DO V MERCADO DE NADAL NO CONCELLO DE GONDOMAR**

O Concello de Gondomar, a través da súa Concellería de Turismo e Comercio, pon en marcha a 5ª edición do *Mercado de Nadal*. Este evento constitúese como unha acción dinamizadora do sector comercial do municipio, ademais de servir como atractivo turístico para aumentar a afluencia de visitantes nestas datas de nadal, ao mesmo que dinamizar a economía local.

O *Mercado de Nadal* albergará a venda de produtos de nadal, restos de stock, manualidades, artesanía, etc. co fin de favorecer o desenvolvemento local e a relación e convivencia entre as persoas.

### **OBXETO**

Estas bases establécense coa finalidade de regular o proceso de organización e realización do *V Mercado de Nadal* en Gondomar, garantindo a igualdade de trato entre todos os seus participantes, os que deberán aceptalas integramente unha vez presentada a solicitude de participación.

### **LUGAR E DATA DA CELEBRACIÓN**

O *V Mercado de Nadal* celebrarase os días **7 e 8 de decembro** de 11:00 a 19:00h na Praza Paradela do Concello de Gondomar.

### **REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN**

Poderá presentar a solicitude de inscrición: asociacións sen ánimo de lucro, comercios, autónomos, particulares, colexios, etc. con preferencia de inscrición para a veciñanza de Gondomar.

## PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Para participar no *V Mercado de Nadal* será necesario cubrir o **ANEXO I** que se achega con estas bases e **abonar unha fianza de 50€** no seguinte numero de conta municipal de ABANCA:

ES17 2080 5035 0730 4001 1300

Consultar no ultimo apartado destas bases a devolución da fianza.

**O ANEXO I cuberto xunto co xustificante do pagamento da fianza e o certificado de conta bancaria**, deberán entregarse mediante o Rexistro Xeral do Concello de Gondomar en horario de 8:00 a 14:00h ou na Sede Electrónica.

**O prazo de inscrición será de 10 DÍAS NATURAIS a contar dende o dia seguinte da publicación desta bases.**

A veciñanza de Gondomar, terá preferencia de inscrición, e non será ata que finalice o prazo de inscrición cando se coñeza a relación de solicitudes admitidas e/ou excluídas.

**Non se admitirán solicitudes fora de prazo.**

Calquera **solicitud** de inscrición ao Mercado de Nadal que **non aporte** o seu xustificante de transferencia bancaria **non será admitido**.

Nos días de mercado, deberanse aportar alomenos **4 produtos típicos de Nadal** (SÓ DE NADAL) para colaborar co Banco Municipal de Alimentos.

Na solicitude de inscrición, os participantes deberán indicar se van a precisar toma de corrente próxima.

## SELECCIÓN DOS PARTICIPANTES

O procedemento de selección dos participantes para adquirir un posto no *V Mercado de Nadal* farase seguindo a rigorosa orde de entrada das solicitudes, tendo preferencia a veciñanza de Gondomar.

Deberá haber un mínimo de 10 solicitudes para levarse a cabo a celebración do *V Mercado de Nadal*.

**Só se aceptarán solicitudes que se comprometan a asistir os dous días ao *V Mercado de Nadal*.**

## POSTOS OU STANDS

A localización dos postos farase seguindo a rigorosa orde de entrada das solicitudes, tendo preferencia a veciñanza de Gondomar. Cada posto estará identificado cun número que será o que lle corresponda segundo o rexistro de entrada da solicitude.

Só se concederá un posto por participante. Cada posto terá unhas dimensión máximas de 3 metros de ancho x 3 m de fondo.

Habilitarase un horario de montaxe e desmontaxe na que os participantes poderán acceder a Praza Paradela cos seus vehículos. Fora de ese horario queda prohibida a estancia e entrada de vehículos na Praza.

MONTAXE: de 9:30 a 11:00h.

DESMONTAXE: de 19:00 a 21:00h.

**O concello instalará na Praza Paradela os stands de venda ás 20 primeiras solicitudes da veciñanza de Gondomar**, que estarán compostos por **unha jaima** de 3 x 3 metros de tela, sen laterais e **unha mesa** pregable de 2m x 60 cm, aprox.

É preciso cubrir a mesa con mantel ou similar de cor vermella preferiblemente.

## OBRIGAS DA ORGANIZACIÓN

Concello de Gondomar será o encargado de:

- Colocar cadros de tomas de corrente onde sexa posible.
- Instalación de contedores na propia Praza Paradela para favorecer a limpeza.
- Colocación de 20 mesas e 20 jaimas para os postos do Mercado de Nadal das solicitudes da veciñanza de Gondomar.
- Luz para os postos onde sexa posible.
- Proporcionar a cartelería.
- Dar difusión.
- Unha vez **finalizado o prazo** de inscrición, **o Concello avisará aos participantes** para indicarlle se a súa solicitude foi admitida e cal é o numero de posto e a localización que lle corresponde de ser o caso.

## OBRIGAS DOS PARTICIPANTES

- Os participantes deberán mostrar un comportamento adecuado tanto cara ao público como entre eles mesmos.
- Quedan prohibidas todas aquelas actividades que supoñan un perigo de accidente durante o *V Mercado de Nadal*.
- Deberán respectar os espazos adxudicados, mantendo a distancia entre eles e sen invadir as zonas comúns con mercadorías nin embalaxes.
- Non se poderán instalar cociñas, estufas, ni elementos de iluminación que utilicen combustible gaseoso (propano, butano...), excepto que o autorice o Concello previa solicitude.
- Os participantes deberán recoller e deixar perfectamente limpo o espazo que ocuparon.
- Os postos deberán estar listos para comezar o *V Mercado de Nadal* ás 11:00h.
- O Concello de Gondomar, resérvase o dereito de suspender, modificar ou cancelar o *V Mercado de Nadal* sen que isto supoña ningún tipo de indemnización para os participantes, excepto a devolución da fianza.
- Os participantes comprométense a meter por escrito a súa renuncia a participación no caso de non poder asistir antes das datas de celebración do Mercado de Nadal.
- Os solicitantes, deberán traer prolongacións eléctricas para poder acceder ás tomas de corrente.
- Os solicitantes deberán recoller o seu posto ao finalizar a xornada do sábado e encargarse de gardar no espazo indicado pola organización as mesas que proporciona o Concello.
- Os participantes comprométense a facer o ingreso da fianza e a entregar alomenos 4 produtos típicos de nadal o día do mercado.
- A participación no *V Mercado de Nadal* implica a aceptación das bases e o cumprimento das mesmas.

## **OUTRAS CONSIDERACIÓNS RELACIONADAS COA FIANZA**

- A devolución da fianza farase no número de conta que se achegue no certificado de conta bancaria no momento de facer a solicitude.
- A devolución será devolta unha vez finalizado o mercado, realizados os informes técnicos necesarios en nun prazo máximo de 6 meses.
- **A fianza non se devolverá nos seguintes casos:**
  - Se non se acude algún día ao mercado.
  - Se non se aporta os alimentos para colaborar co Banco Municipal de Alimentos , tal e coma se indica nestas bases.
  - Se non se adopta unha actitude cívica.
  - Se a solicitude non está ben realizada.
  - Se a solicitude está fora de prazo.
  - Se non se achega o certificado de conta bancaria antes da realización do mercado.
  - Se unha vez presentada a solicitude se renuncia ao posto.